

O eco da fazaña do Plus Ultra en Mondoñedo

Antonio Reigosa Carreiras
Cronista oficial de Mondoñedo
cadernodeantonioreigosa.eu



(Ramón Franco. S. Borobio, Cértiga nº 29-30, 1926)

A Mondoñedo tamén chegaron os ecos da fazaña do Plus Ultra. O 22 de xaneiro de 1926 partiu do porto de Palos de la Frontera (Huelva) o hidroavión Plus Ultra tripulado polos militares do exército español J. Ruíz de Alda, J. M. Durán, o mecánico Pablo Rada e o comandante ferrolán Ramón Franco, irmán do futuro golpista e ditador, F. Franco. O día 10 de febreiro, tras superar sete etapas e diversos contratemplos, o Plus Ultra acuatizou no Río da Plata, e os heroes foron recibidos en Bos Aires con enorme entusiasmo pois conseguiran cruzar o Atlántico por primeira vez usando un só aparato.

Especialmente afervoadas foron as atencións da colonia galega segundo se conta na revista Cértiga. O presidente do Centro Gallego era naquel entón o mindoniense

Francisco García Olano (Mondoñedo 1970-B. Aires 1933) e como tal foi o encargado de agasallar e homenaxear a Franco e compañía durante a súa estada na Arxentina (en Célitiga nº 27-28 e 29-30, ampla reportaxe fotográfica).



(Pilar Baamonde. Célitiga, nº 37-38, 1926)

En Mondoñedo como en toda Galicia tivo enorme repercusión esta proeza, especialmente pola participación do galego, Ramón Franco Bahamonde. Tanta foi a ledicia que un grupo de mulleres mindonienses enviaron unha emotiva misiva de felicitación a dona Pilar Bahamonde, nai do aviador Franco, asinada por 30 damas entre as que abundaban os apelidos das familias máis distinguidas da cidade. Chama a atención que a carta estivese redactada en galego e que amais dos parabéns á señora de Franco tamén contiña algún parágrafo de certo regusto poético e que dicía:

“A groriosa fazaña do voso Ramón que abréu ás arelas amorosas da Terra un novo camiño, pol-o que, de unha a outra banda do Atlántico, irán e virán, de hoxe para sempre, salayos e lembranzas, bicos dos fillos e chamadas maternas, enchéu de ledicia os nosos corazóns acougantes de mulleres galegas e fixo tremar as nosas almas, de admoraceón e gratitude: admoraceón para os heros, gratitude pra quen quixo soar con ecos de alboradas e muiñeiras as trompas y-os craríns da Fama. Y-eisí cómo, ao escoitar os feituqueiros cantos dos paxariños, tornámol-os ollos en cobiza do niño onde se criaron; esisí hoxe voltamol-os nosos ollos a ise fogar-niño de águas e festexamos cos pais os trunfos do fillo, que faguemos duas veces nosos: por sere galegas e por sere Ferrol xoya fermosa da Mitra de Mondoñedo”.

Para ler a carta enteira, así como os nomes das 30 mulleres mindonienses asinantes, véxase El Correo Gallego do 13 de febreiro de 1926.



(Pepita Moirón Paz. Lar Galicián nº 3, 1927)

Para celebrar o primeiro aniversario da xesta aérea do Plus Ultra, outra mindoniense, Pepita Moirón Paz, profesora da Escola Normal de Montevideo, poeta e colaboradora de Lar Galicián, publicou en El Heraldo Gallego, órgano das colectividades galegas na Plata, o 6 de marzo de 1927 un poema titulado “¡10 de febrero!” e que, entre outros versos, dicía:

“Bendito es tu nombre, ya que eres Gallego.
Porque eres alado, y perteneciente a la Sacra Mitra,
de mi Mondoñedo.
¡Un año justito, que estabas llegando!
Y al fin descendistéis cual si descendiera del cielo,
entre ángeles, el Espiritu Santo”.

